



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Secretaría Xeral



Para o seu coñecemento remítolle publicación no DOG da Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se declara de utilidade pública a ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS DA BISBARRA DE MUROS-ADISBISMUR.

De conformidade co establecido no art. 5 do Real Decreto 1740/2003, de 19 de decembro, sobre procedementos relativos a asociacións de utilidade pública, e disposición adicional única, esta asociación queda obrigada a presentar ante o Rexistro provincial de asociacións adscrito ao Departamento territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, da Coruña, as contas anuais e memoria descritiva das actividades realizadas, dos exercicios económicos seguintes a data de declaración de utilidade pública, no prazo de 6 meses seguintes á finalización dos ditos exercicios.

Infórmolle así mesmo que para os efectos de acollerse ao réxime fiscal especial da Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado (B.O.E. de 24 de decembro) deberá cumprir os requisitos enumerados no seu artigo 3. Cabe destacar que entre eles, encóntrase o de destinar a totalidade do seu patrimonio, en caso de disolución, a algunhas das entidades consideradas como entidades beneficiarias do mecenado aos efectos desta Lei 49/2002 ou entidades públicas de natureza no fundacional que persigan fins de interese xeral circunstancia que debe estar expresamente contemplada nos estatutos da entidade.

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2011

A xefa do servizo de Entidades
Xurídicas e Corporativas




María Amadora Rodríguez Carreira

Presidente da Asociación de Discapacitados da
Bisbarra de Muros-ADISBISMUR
A Robaleira s/n Abelleira
15290 Muros (A Coruña)